

Código: 32009116	Centro: IES 12 DE OUTUBRO (OURENSE)
Provincia: Ourense	Localidade: Ourense

1 Grao de cumprimento dos obxectivos

1. **Consolidar o papel da biblioteca** como espazo de mediación lectora e dinamización da vida cultural do centro, mantendo e mellorando as actuacións xa desenvolvidas. Superado.
2. **Establecer microrredes de colaboración** con outros centros educativos e bibliotecas, co fin de compartir recursos, experiencias e boas prácticas. Superado.
3. **Impulsar o traballo por proxectos** desde a biblioteca, integrando tamén o desenvolvemento do Plan de Igualdade nas actividades propostas. En proceso.
4. **Mellorar a edición e a calidade dos contidos de Radio na Biblio**, potenciando a creatividade, a participación do alumnado e o uso de ferramentas dixitais. Superado.
5. **Ampliar o horario de apertura da biblioteca** ata cubrir toda a xornada lectiva, así como incrementar a implicación do profesorado no equipo de biblioteca. En proceso.
6. **Dar continuidade ao Club de Lectura**, reforzando a súa estabilidade e fomentando a participación da comunidade educativa. Superado.
7. **Integrar o alumnado de ciclos formativos** nas dinámicas da biblioteca, promovendo a súa participación activa e adaptando as actividades aos seus intereses. Superado.

2 Actividades

XESTIÓN E ORGANIZACIÓN

Dende fai unha década a biblioteca consolidouse como un espazo clave dentro do centro, integrada no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), cun equipo , na actualidade de catro docentes, encargado da súa xestión e dinamización.

Leváronse a cabo tarefas fundamentais de organización como:

- Xestión do servizo de préstamo, tanto físico como dixital (plataforma ELBE).

- Coordinación de horarios de uso da biblioteca e atención por parte do profesorado.
- Organización de fondos e actualización de recursos en diferentes soportes.
- Difusión das actividades a través da web e redes sociais do centro.
- Elaboración do PLEA tendo como eixe o equipo de biblioteca.

A biblioteca funcionou como un espazo aberto á comunidade educativa, garantindo o acceso en horario lectivo e facilitando o seu uso como aula alternativa e lugar de encontro cultural. Ademais, potenciouse a coordinación con diferentes departamentos didácticos para integrar a biblioteca no proceso de ensino-aprendizaxe.

Durante o curso leváronse a cabo actuacións de carácter institucional que requiriron unha planificación e coordinación específica desde a biblioteca. Neste sentido, cómpre destacar a organización do acto de descuberta dunha **placa conmemorativa do nacemento do Seminario de Estudos Galegos** no corredor da biblioteca.




Esta iniciativa supuxo a coordinación de diferentes axentes da comunidade educativa, así como a integración da biblioteca na organización de actividades de carácter

simbólico e identitario para o centro. O acto foi concibido como un espazo de reflexión arredor do significado das datas históricas, promovendo unha visión crítica e plural do 12 de outubro e vinculándoo coa tradición intelectual galega. Este acto non pretende fixar unha única lectura sobre o que representa esta xornada. Pola contra, queremos abrir espazos de reflexión sobre como unha mesma data pode acoller significados diversos, incluso contraditorios. O 12 de outubro é, para uns, símbolo da chegada a América; para outros, de colonización; e para nós, tamén, de creación intelectual e compromiso co país.

Así como a ensinanza non é un proceso estanco, senón dinámico, plural e en constante evolución, tamén as datas poden ser reinterpretadas á luz do coñecemento, da historia e da conciencia crítica. O Seminario de Estudos Galegos naceu nun tempo de esperanza e construción, e hoxe evocámolo como exemplo de diálogo entre

saberes, de apertura ao mundo desde a raíz galega.



Con esta placa, non só lembramos un feito histórico, senón que reafirmamos o noso compromiso coa educación como ferramenta de transformación, e coa memoria como acto de xustiza e de futuro. Deste xeito, a biblioteca reafirma o seu papel non só como espazo de xestión de recursos, senón tamén como elemento activo na planificación

de accións educativas de carácter transversal, vinculadas á memoria, á identidade cultural e á formación crítica do alumnado.

DINAMIZACIÓN

No marco das actuacións de dinamización da biblioteca escolar, cómpre salientar o papel central desenvolvido a través do programa *Radio na Biblio*, que se consolidou como unha ferramenta clave para fomentar a creatividade, a expresión oral e a participación activa do alumnado. Neste contexto, organizáronse diversas actividades formativas e de creación centradas nas novas formas de oralidade, especialmente aquelas vinculadas ás expresións urbanas contemporáneas e á súa relación coa literatura, a poesía e o teatro.



-Entre elas, destaca o obradoiro de oralidade teatralizada impartido pola actriz [Cristina Collazo](#), no que o alumnado puido experimentar co uso da voz, o corpo e a interpretación como ferramentas expresivas, desenvolvendo habilidades comunicativas dende unha perspectiva artística e vivencial.




Así mesmo, levouse a cabo un obradoiro de escritura de rap dirixido polo produtor e cantante [Pedro Iglesias](#), que permitiu achegar o alumnado ás dinámicas da creación poética contemporánea, explorando o ritmo, a rima e a construción de textos desde códigos propios da cultura urbana vinculados ó rap.

-Como culminación deste proceso, organizouse unha [batalla de galos](#) na biblioteca, convertendo este espazo nun escenario de creación colectiva onde o alumnado puxo en práctica as competencias adquiridas. Esta actividade destacou pola súa capacidade para integrar improvisación, pensamento crítico e dominio da linguaxe, reforzando a confianza e a expresión persoal.



-Celebramos un **concurso de bookface** con gran éxito entre o alumnado. A través destas iniciativas, a biblioteca reafirma o seu compromiso coa incorporación de novas formas de alfabetización, entendendo a plástica e a oralidade non só como unha competencia básica, senón como unha vía de acceso á creación, á identidade e á participación cultural. A integración de linguaxes urbanas supón, ademais, unha oportunidade para conectar cos intereses do alumnado, situando a biblioteca como un espazo vivo, inclusivo e en diálogo coa realidade contemporánea.



MEDIADORA DA LECTURA



No marco das actuacións de fomento da lectura, o Club de Lectura consolidouse como unha das iniciativas máis relevantes da biblioteca, favorecendo a creación de espazos de encontro arredor dos libros e promovendo o diálogo, a interpretación compartida e o pensamento crítico coa presenza de diferentes autores e autoras.

-Así, o club abordou a lectura de [Amar Azar, de Javier Fraiz](#), unha obra que combina elementos de intriga e reflexión persoal, na que os personaxes se enfrontan ás decisións vitais e ao papel do azar nas relacións humanas, ofrecendo múltiples posibilidades de análise e debate.

Do mesmo xeito, traballouse [Asasinato na casa rosada, de Arantxa Portabales](#), unha novela de corte policial que, a través dunha investigación chea de xiros narrativos, mergulla o lector nunha trama de misterio onde as relacións persoais, os segredos e as tensións sociais adquiren un papel

-No eido do Club de Lectura destacar a [marabillosa colaboración](#) realizada co Departamento de Estética, dirixido por Diego Negro coa lectura de *Mama quero ser Ziggy Stardust* de Iria Misa.





Xuntos, decidimos levar a historia máis alá das páxinas e deixarnos inspirar polo espírito rebelde, creativo e profundamente humano de David Bowie. Pintar o raio característico de Ziggy no rostro dos membros do Club non foi só unha

actividade estética: foi un xesto simbólico, unha maneira de reivindicar que a cultura é máis poderosa cando se comparte, cando se mestura, cando se atreve a romper fronteiras.



-Lembrar por último a celebración do Club de Lectura de adultos, Comerás Flores de Lucía Solla, **en conxunto co C.P.I. de Mende** na nosa biblioteca, tecendo redes de colaboración cos centros da contorna.



EXTENSIÓN CULTURAL



-Salientamos a destacada participación do alumnado do centro nos prestixiosos **Premios San Clemente de Literatura**, unha iniciativa de referencia no panorama literario galego que ten a súa orixe no IES Rosalía de Castro e que se caracteriza por outorgar ao alumnado un papel protagonista como xurado lector. Este certame constitúe unha experiencia singular, na que mozos e

mozas teñen a oportunidade de ler, analizar e valorar obras de recoñecido prestixio tanto no ámbito galego como estatal e internacional, desenvolvendo así unha relación activa, crítica e comprometida coa lectura. A participación do alumnado do IES 12 de Outubro neste proceso supón non só un exercicio de responsabilidade e implicación, senón tamén unha oportunidade para formar parte dunha comunidade lectora ampla e diversa, na que a voz da xuventude adquire un valor central.

-A participación do centro no acto “**8M non é flor dun día**”, celebrado na Praza Maior de Ourense, constitúe unha mostra significativa do papel da biblioteca e do propio centro como axentes activos na extensión cultural e social máis alá dos seus límites físicos. Esta iniciativa, desenvolvida de maneira conxunta con outros centros



educativos como o IES A Laboral, o IES Otero Pedrayo, o IES O Couto e o IES 12 de Outubro, puxo de manifesto a importancia da coordinación intercentros como estratexia para fortalecer proxectos educativos con vocación transformadora. O traballo colaborativo permitiu crear vínculos entre comunidades educativas diversas, favorecendo o intercambio de experiencias, a construción colectiva de significados e a posta en valor dunha acción común arredor da igualdade. Ao mesmo tempo, o feito de trasladar a actividade ao espazo público supuxo unha clara aposta pola apertura do centro á sociedade, amplificando o alcance da mensaxe e promovendo a participación cidadá.

-No marco das accións orientadas á apertura do centro á contorna e á promoción da cultura propia, cómpre destacar a **charla impartida por Rogelio Santos Queiruga**.



Creador de contidos e divulgador contribúe a establecer pontes entre cultura, ciencia e sociedade, actualizando os modos de transmisión do coñecemento e conectando coas novas xeracións a través de formatos accesibles e atractivos. Esta actividade reforza o papel da biblioteca escolar como axente de extensión cultural, ao facilitar o contacto directo con iniciativas que integran saberes diversos e promoven valores fundamentais como o respecto polo medio, a sustentabilidade e a responsabilidade colectiva.

Destacar tamén a concesión do **IV premio Ponte de Lingua**, en colaboración co equipo de dinamización lingüística, a Asociación Andén I polo seu traballo de difusión e adicación a prol da cultura galega na celebración do Día das Letras.





-Co obxectivo de favorecer a **integración dos Ciclos Formativos nas actividades da biblioteca escolar** e visibilizar o traballo interdisciplinar desenvolvido no centro, alumnas do ciclo de Estética participaron nunha entrevista realizada á docente

Lourdes del Río en Radio Canedo.

A actividade nace a partir da repercusión en FP Innova do proxecto: *Rituais tripla fusión cosmética, galénica e gourmet* do IES 12 de Outubro, centrado na elaboración de cosméticos naturais a base de castañas e malta de cervexa, unha iniciativa recoñecida no ámbito da innovación educativa e da Formación Profesional galega.

[A entrevista](#) permitiu dar a coñecer o proceso creativo e investigador desenvolvido polo alumnado do ciclo superior de Estética Integral e Benestar, así como destacar a colaboración entre distintas familias profesionais do centro. Ademais, contribuíu a potenciar a competencia comunicativa do alumnado, promover a difusión das ensinanzas de Formación Profesional e achegar a biblioteca escolar a proxectos reais vinculados á innovación, á sustentabilidade e ao emprendemento.

3 Avaliación

Os instrumentos e ferramentas de avaliación que empregamos foron enquisas a alumnado, familia e profesorado a través de Google Forms, os propios informes de avaliación e os que proporciona o sistema de xestión Koha. O IES 12 de Outubro conta cun **alumnado** que, en xeral, ten unha **boa disposición cara á lectura**, preferindo a **novela** e mostrando interese tanto por lectura por pracer como por material específico das materias. Porén, é fundamental **estruturar a formación en investigación** para garantir a coherencia nas indicacións do profesorado e abordar as carencias en **dereitos de autor e desinformación**. A prioridade segue sendo **integrar a biblioteca na práctica docente** (respondendo á maior demanda do alumnado), potenciar o **préstamo dixital (Elbe-2)** e converter a biblioteca nun espazo máis

dinámico para a lectura e a participación en actividades. As **familias**, pola súa banda, recoñecen limitacións tanto na participación en actividades lectoras como na súa capacidade para apoiar os traballos de investigación dos seus fillos/as, así como un uso pouco sistemático da biblioteca escolar e municipal. A biblioteca debe enfocarse en **formar ás familias** en competencias informacionais, aumentar a **visibilidade da lectura** como práctica familiar (modelado), e **potenciar a biblioteca escolar** como centro de recursos e apoio á investigación, áreas onde as familias expresaron maior debilidade ou falta de implicación activa. A análise dirixido ao **profesorado** permite concluír que a mellora da competencia lectora do alumnado require unha actuación planificada e sostida que sitúe o **profesorado como eixo estratéxico do Plan Lector**. Neste sentido, resulta imprescindible recoñecer o papel do **profesorado non só como mediador, senón tamén como lector activo e modelo de referencia**, promovendo a súa implicación directa nas accións lectoras dos centros.

4 Previsións de futuro

1. Continuar a ser mediadora das lecturas e da vida cultural do centro, promovendo actividades que favorezan o hábito lector, o pensamento crítico e a participación activa do alumnado en propostas culturais diversas.
2. Reforzar a conexión da biblioteca co contorno social e cultural, colaborando con asociacións, bibliotecas, librarías, institucións culturais e entidades locais para abrir a biblioteca á comunidade.
3. Potenciar a biblioteca como espazo inclusivo e de benestar emocional, promovendo accións relacionadas coa educación afectiva, a igualdade, e a mediación.
4. Medrar tanto en edición como en calidade nos contidos de Radio na Biblio, mellorando os aspectos técnicos e comunicativos das producións radiofónicas.
5. Consegui abrir a biblioteca durante toda a xornada lectiva, converténdoa nun espazo plenamente accesible para o alumnado en diferentes momentos do día, así como aumentar o número de docentes implicados no equipo de biblioteca para garantir unha maior estabilidade e capacidade organizativa.
6. Darlle continuidade ao Club de Lectura como un espazo de encontro, diálogo e intercambio de experiencias arredor da lectura.
7. Incrementar a presenza da biblioteca nas actividades interdisciplinares do centro, colaborando con departamentos e ciclos formativos en proxectos vinculados á sustentabilidade, ciencia, arte, ou patrimonio cultural galego.

